

INFORME VISITA PASTORAL UPA SANTA MARÍA DE CARANZA E SAN FERNANDO-O PILAR

Abril-xuño 2024

Mércores 10 de abril PARROQUIA DE SAN FERNANDO

Un **mércores** de abril, día no que se fai a acollida de Caritas, e se reúne o consello periodicamente, e se adica a vistas domiciliarias e a celebración da eucaristía, comezou a visita pastoral do noso bispo coñecendo de primeira man a acción do grupo de **Caritas parroquial** que atende a unhas 20 persoas ou familias, e asume un novo tempo coordinado coa Caritas Diocesana e asumindo os seus programas e asesoría. O bispo animounos a seguir esa nova liña, a achegarnos a realidade dos **xitanos** do barrio coordinados coas distintas asociacións, e a sermos a man caritativa da parroquia no barrio.

Logo celebrámola misa da tarde cun pequeno grupo que se reúne habitualmente ese día, e ó remate reuniuse con **Consello parroquial e de economía** que lle presentou o Plan Pastoral deste ano con lema **XUNTOS FACEMOS COMUNIDADE**, comentándolle a escasa vida parroquial que pretendemos ampliar con novos campos e mais implicación dos fieis. O bispo animounos a facer dos **mércores un día de parroquia** no que haxa tamén espazos de formación e encontro. Presentóuselle tamén as **contas** e so proxectos de mellora da igrexa, dos locais de das vivendas. Logo rematamos compartindo un tempo de lecer tomando algo cos do consello.

Domingo 14 de abril PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE CARANZA

A visita comezou co encontro con participantes nos **grupos de biblia e vida ascendente**, informándoo da periodicidade e traxectoria destes grupos acompañados dos seus animadores, irmáns de la **Salle**. Logo achegouse aos grupos da **catequese** dos nenos aos que animou, e os que logo se dirixiu especialmente na homilía da **Eucaristía dominical**, no que a figura do bo Pastor centrou a súa mensaxe. Nela, celebrouse un bautismo dunha nena e, o remate, toda a comunidade compartimos uns aperitivos no adro do tempo.

Pola tarde, logo do xantar na reitoral, encontrouse con **Consello Parroquial e economía**, que elaborou o Plan Pastoral vixente, co lema **SERMOS COMUNIDADE ACOLLEDORA**, que tenta dar resposta a unha realidade diversa, xa que somos un barrio de acollida, no que debemos ser receptivos a persoas colectivos que se nos achegan, e ós que bispo animou a buscar novos camiños de presenza nun barrio tan complexo, felicitándoos polas distintas iniciativas que manteñen.

Caritas parroquial, de longa e dilatada traxectoria comentoulle a súa presenza prolongada nestes anos cos necesitados do barrio, así como a súa actividade con algo mais de **80 familias** na actualidade, coa colaboración estreita cos programas de emprego e clases de apoio de **Caritas diocesana**, e o traballo con inmigrantes, así como o **Grupo Parroquial de inmigrantes**, que logo o bispo coñeceu, e de primeira man as súas historias de esforzo por saír adiante na busca dun futuro mellor.

Mércores 29 de maio PARROQUIA DE SAN FERNANDO

Dentro do ámbito parroquial está a **DOMUS VI** residencia de maiores, na que o bispo compartiu a eucaristía das 16 horas cos residentes en bo número, e logo realizou unha vista por todas as instalacións, acompañando en todo momento pola directora Beatriz, saudando a residentes e empregados, deténdose especialmente cos mais dependentes e os que quixeron achegárselle. Asímosmo visitou o centro de día no mesmo edificio.

Sábado 25 de maio PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE CARANZA

O bispo presidiu a eucaristía na **RESIDENCIA DE MAIORES DE CARANZA** as 17,30 sendo recibido polos residentes e agasallado pola residencia cuns regalo. Puido así mesmo saudar aos participantes da eucaristía e levar a comunión a algúns enfermos.

Sábado 15 de xuño PARROQUIA DE SAN FERNANDO-O PILAR

Na tarde deste sábado de xuño recibimos ó bispo as 17 horas para informalo sobre os nosos **contactos co Secretariado Xitano**, que aínda que nos está situado na parroquia, traballa arreo cos xitanos do noso barrio con programas de educación e integración, priorizando xoves e mulleres. Mostrámoslles un espírito de colaboración leal, e de derivación de usuarios de **cáritas parroquial**, así como a vontade de colaboración ofrecendo espazos para desenrolo de actividades.

Así mesmo tivemos un espazo de tempo para a **firma dos libros sacramentais da UPA** e logo celebramos a eucaristía vespertina do domingo coa comunidade parroquial alí presente. O bispo animounos a buscar a fidelidade ó señor e ser presenza significativa aínda que humilde no noso barrio; así como rezo diario do **Noso Pai**. O remate da celebración foi saudando as persoas e familias que participaron na eucaristía, agradecendo a súa presenza e interesándose por eles.

Logo de informalo do ambiente do barrio de Recimil e a súa problemática, lembrándolle que a parroquia vai mais alá e toca outros barrios próximos, con outras problemáticas e presenza na comunidade. Os membros do consello parroquial acompañárono logo nun encontro informal.

A MODO DE CONCLUSIÓN

A presenza do bispo na vista significou un maior coñecemento das comunidades parroquiais a min encomendadas, logo de visitas puntuais nos que xa nos coñecía, e puidemos amosarlle tamén a vida real nun tempo novo, de renovación dende a tradición dos maiores que fixeron unhas comunidades moi vivas e comprometidas nas realidades dos barrios (sobre todo Caranza) e que nos proxectan había unhas comunidades cristiás menos numerosas e mais discretas, pero cunha oferta de Evanxelio, que segue a ser salvadora e humanizadora.

Ferrol a 21 de xuño do 2024, memoria de San Luís Gonzaga.